

REDES

Proxecto Lingüístico de Centro 2009/2010

Acordádesvos dos proxecto O Fiadeiro e As Fiadas? Ámbolos dous obtiveron Premios á Innovación 2007 e 2008. Pois con este novo proxecto **REDES** queremos que teñan continuidade e dar unha dimensión europea á difusión da nosa cultura e lingua.

Cómo?

A EOI está a participar nun proxecto europeo con Escocia, Italia, Polonia, Portugal, Reino Unido, Republica Checa e Turquía. Isto ofrécenos a oportunidade de facelos partícipes da nosa cultura. **O obxectivo do PLC deste curso é non só fomentar o uso do galego como lingua de comunicación na nosa comunidade educativa fóra da aula senón tamen facer coñecedores a estes países da nosa cultura e lingua a través das novas tecnoloxías**, involucrando a toda a comunidade educativa da nosa escola, asociacións culturais, institucións da comarca e outras escolas oficiais de idiomas de Galicia.

Crearásese unha **REDE TECNOLÓXICA**, unha **REDE CULTURAL** e unha **REDE OLÍMPICA** para:

- Traballar sobre estes países na aula e aprendermos sobre eles.
- Organizar faladoiros onde poñer en común e compartir o que sabemos deles: o que nos fai diferentes, o que nos une...
- Celebrar obradoiros de baile e xogos populares na EOI, para logo mostrarlle-lo aos nosos socios europeos.
- Difundiremos as nosas experiencias na radio da EOI, na páxina web e no blogue fiadeirovirtual...
- Celebraremos unha rede olímpica de xogos populares entre as EOIs de Galicia.